



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Cultura

Apertura do prazo de emenda ou mellora das solicitudes de participación na convocatoria de axudas á creación artística para artistas individuais empadroados na Coruña do ano 2023

ANUNCIO

Logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria de axudas do ano 2023 destinadas á creación artística para artistas individuais empadroados/as na Coruña, aprobada polo Concello da Coruña (BOP núm. 27 do 08.02.2023) e publicada na BDNS (Identif.: 673984), publícase a listaxe de todas as solicitudes presentadas con indicación da emenda que se require.

De acordo co previsto na base 6.7 que regula a convocatoria, ábrese un prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES**, a contar desde o día seguinte á súa publicación no BOP da Coruña, para que se corrixa os defectos indicados en cada caso. A solicitude que se presente por tal motivo, deberá citar expresamente o código do expediente.

A tenor do disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, requírese as persoas interesadas para que nun prazo de dez (10) días hábiles emenden as deficiencias indicadas, advertíndolles que, se así non o fixeren, teráselles por desistidas das súas peticións, previa resolución.

Así, na devandita listaxe, explícase na columna de documentación a emenda ou mellora que se debe achegar para continuar coa tramitación. No caso de que a solicitude non se poida aceptar por ser presentada fora de prazo ou non cumprir algún dos requisitos esixidos na convocatoria, aparecerá así establecido en dita columna.

Aos efectos de facilitar o trámite de emenda da documentación detallada na seguinte táboa, aclaramos os seguintes conceptos:

1. As axudas teñen como obxecto contribuír aos gastos ocasionados polo desenvolvemento de proxectos artísticos: creación, investigación, edición e difusión.

Non se deben incluír gastos e ingresos que sexan posteriores á creación e produción, nin gastos e ingresos previstos para ao 2024.

O proxecto debe rematar en 2023.

Pódese entender que a produción remata coa elaboración dunha obra, maquetación de discos, edición e impresión de libros, estrea dunha obra de teatro, etc.

Poderíase incluír a realización no ano 2023 de algún concerto ou espectáculo que contribúa á difusión ou publicidade da obra creada (por exemplo, estrea).

No caso de incluír algún concerto ou espectáculo, débense meter os ingresos previstos en concepto de recadación, salvo que sexan gratuítos.

No caso de que os libros e CDs editados se vaian a destinar á venda, débense meter os ingresos previstos en concepto de recadación, salvo que sexan gratuítos.

Non se deben meter os ingresos futuros que se prevea obter por, posteriormente, vender esa obra, facer concertos, espectáculos. A obra creada é propia do autor e con ela obterá ou non rendementos futuros.

2. Non se admiten proxectos que non impliquen unha idea nova. Debe existir unha creación en 2023.

Así por exemplo, non se poden admitir proxectos que fagan referencia a obras ou temas musicais xa creados en anos anteriores.

3. O orzamento débese achegar debidamente cumprimentado.

No orzamento inclúense todos os gastos e ingresos do ano 2023 previstos que teñen relación directa coa creación e desenvolvemento do proxecto. Non se debe incluír como ingreso o importe da propia axuda que se solicita.

O orzamento (ingresos-gastos) debe indicar un déficit de dez mil (10.000) euros ou inferior. Para isto, no caso de que os gastos sexan moi elevados (superen o importe máximo da axuda de dez mil euros), débense incluír ingresos como aportación propia.

No caso de que non se inclúa a aportación propia, dende o Servizo de Cultura considerarase que o solicitante vai aportar a dita cantidade á realización do proxecto.

Posteriormente, no momento en que se conceda a subvención, no caso de que sexan menos de 10.000 euros, o beneficiario poderá reducir o importe correspondente á aportación propia e incluso non aportar nada se non é preciso.

4. O autor ou creador non terá dereito a percibir ningunha retribución (salario), nin será subvencionable a súa cota de autónomos.

A creación subvenciónase mediante o concepto “Soporte básico de dedicación”.

As bases establecen un importe máximo de dous mil (2.000) euros como máximo por este concepto. Se se pretende incluír este gasto, débese meter dentro do orzamento de gastos nun apartado propio.

Soamente se poderán incluír 2.000 euros no caso de solicitar unha subvención de 10.000 euros. En caso contrario, a cantidade do SBD débese reducir ao 20% do coste total do orzamento.

Logo de realizar as aclaracións oportunas, publicamos a listaxe das persoas solicitantes das axudas para coñecemento xeral e para abrir o trámite de emenda das solicitudes.

A listaxe é a que figura na seguinte táboa anexa.

A Coruña, a 31 de marzo de 2023

A xefa de servizo de Cultura

Susana Martínez Portabales

ANEXO. EMENDAS REQUERIDAS NAS SOLICITUDES DE AXUDAS

Nº EXPEDIENTE	NIF	NOME PROXECTO	DOCUMENTACION A EMENDAR
CI1/2023/96	***1748**	MOI MAL FEITO	Achegar certificado padrón actualizado.
CI1/2023/120	***3795**	REDEIRA	Falta solicitude e corrixir orzamento.
CI1/2023/121	***1563**	TIEMPO AL TIEMPO	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento.
CI1/2023/122	***0677**	A MIÑA VISION DO COVID	Corrixir solicitude.
CI1/2023/128	***6914**	INVISIBLES	Corrixir solicitude e orzamento. Achegar certificado TGSS.
CI1/2023/129	***1110**	QUE VÉN O COCOYÉ!	Corrixir orzamento ea chegar alta terceiros.
CI1/2023/130	***1789**	A LENDA DE SANTO AMARO	Certificado empadramento: caduca antes da resolución. Achegar TGSS e AEAT. Corrixir orzamento.
CI1/2023/131	***8979**	PAISAXE SONORA DE A CORUÑA	Corrixir proxecto e orzamento. Achegar memoria.
CI1/2023/132	***6488**	META[L]ORIGAMI 2023 A ARTE CORUÑESA NA ESCULTURA DE HORIZONTE DO SKYLINE DE MANHATTAN	Achegar modelo alta terceiros. Certificados TGSS, AEAT e ATRIGA.
CI1/2023/135	***7587**	O MAR DOS PAPEIS	Corrixir solicitude.
CI1/2023/136	***3962**	EL TALLER DE LOS AZULEJOS PORTUGUESES	Corrixir orzamento. Achegar alta terceiros.
CI1/2023/137	***6425**	MIP MÚSICAS INCLUSIVAS E PARTICIPATIVAS	Corrixir proxecto e orzamento, aclarar título do proxecto, achar certificado Concello e modelo alta terceiros.
CI1/2023/140	***5970**	TODO ROSA	Non cumpre o requisito de empadramento.
CI1/2023/141	***7600**	O CORPO DE CRISTO	Aclarar orzamento. Achegar modelo alta terceiros.
CI1/2023/146	***3567**	DESCUBRINDO A CORUÑA CON MOITO ARTE	Corrixir orzamento. Achegar modelo alta terceiros.
CI1/2023/147	***9201**	ALLOVA: NUEVO ALBUM	Corrixir solicitude. Achegar certificados TGSS, concello e ATRIGA. Achegar modelo alta terceiros.
CI1/2023/148	***9923**	TEMPO E ESPAZO 2023	Corrixir solicitude e orzamento. Achegar certificado Concello.
CI1/2023/149	***2360**	O ZOO VIAXEIRO	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar modelo alta terceiros e certificados Concello , ATRIGA e TGSS.
CI1/2023/150	***0152**	LONXE	Corrixir solicitude.
CI1/2023/151	***7824**	GALICIA MILLENNIAL: RETRATOS MUSICOVISUAIS	Corrixir solicitude, e orzamento. Achegar todos os certificados e modelo alta terceiros.

Nº EXPEDIENTE	NIF	NOME PROXECTO	DOCUMENTACION A EMENDAR
CI1/2023/152	***7682**	CULTURA NA RÚA	Corrixir orzamento. Achegar modificación terceiros, certificado AEAT e CV.
CI1/2023/153	***4087**	PROXECTO CORAL “CORES”	Corrixir proxecto e orzamento. Achegar modelo alta terceiros.
CI1/2023/154	***6460**	CANCIÓN HOMENAXE A PEDRO BRANDARIZ	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar modelo alta terceiros e certificados ATRIGA, Concello e TGSS.
CI1/2023/155	***0534**	UNHA GUITARRA GALEGA EN HOMENAXE AO MESTRE ROMANILLOS	Corrixir orzamento.
CI1/2023/156	***3000**	OS OLLOS DE BONDY	Corrixir solicitude e orzamento. Achegar certificado ATRIGA, Concello, AEAT e modelo alta terceiros.
CI1/2023/157	***5093**	REFRACCIÓN	Corrixir orzamento.
CI1/2023/158	***9153**	O MUNDO DE BUCCO. UNHA FARSA ROMANA	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento.
CI1/2023/159	***6845**	AFRICA+GALICIA=HABANA	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar modelo alta terceiros e certificado concello.
CI1/2023/161	***9815**	...É MEU AMIGO!	Corrixir orzamento. Achegar modelo alta terceiros.
CI1/2023/162	***5180**	ARQUIVO DE PROTOCOLOS: A CONTINUA CONSTRUCCIÓN DE NOVOS MODELOS CREATIVOS	Corrixir solicitude e orzamento .
CI1/2023/163	***8971**	NANAI DA CHINA	Corrixir orzamento. Achegar modelo alta terceiros.
CI1/2023/164	***3485**	EL FLOP	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar CV.
CI1/2023/165	***3027**	PORTO CIENCIA/PORTO POEMA. A CORUÑA POLÍMATA	Achegar todos os certificados , corrixir solicitude , proxecto e orzamento. Achegar CV.
CI1/2023/166	***9251**	REFLEXOS: RETRATOS QUE MIRAN EUROPA (A CORUÑA)	Corrixir solicitude proxecto e orzamento. Achegar modelo alta terceiros.
CI1/2023/167	***2122**	NAS AFORAS DUNHA CIDADE ESTRANXEIRA	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar modelo alta terceiros e certificado de ATRIGA.
CI1/2023/168	***9396**	A PEL PEGADA AO ÓSO	Corrixir solicitude e orzamento. Achegar certificado AEAT.
CI1/2023/169	***1762**	OS NOSOS BARRIOS	Corrixir proxecto e orzamento. Achegar Certificado Concello e modelo alta terceiros.
CI1/2023/172	***9614**	UN DÍA COMO HOXE	Corrixir proxecto e orzamento.
CI1/2023/174	***3373**	CANDO CAROLINA BAILA... NA RÚA	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento.
CI1/2023/175	***7054**	EURO-SIONADO	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar modelo alta 3º e certificado de AEAT.
CI1/2023/176	***6210**	HOXE SI!	Corrixir proxecto e orzamento.
CI1/2023/177	***3608**	O RAPOSO PÚRPURA	Achegar solicitude, proxecto e orzamento. Achegar DNI, certificado de empadramento e certificado do Concello.
CI1/2023/178	***8155**	UN PIANO PARA ROSALÍA: ESCOLMA POÉTICO-MUSICAL	Achegar certificado de ATRIGA.
CI1/2023/179	***2112**	ANSIA VIVA	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar modelo alta 3º.
CI1/2023/183	***1335**	ARRENTE	Achegar proxecto, orzamento e certificados de AEAT, TGSS, ATRIGA e Concello.
CI1/2023/184	***9961**	MOLÉCULAS DE ESTUCO	Corrixir proxecto e orzamento.
CI1/2023/185	***0344**	HERBA PEQUERRECHIÑA	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar copia DNI, certificado de empadramento, modelo alta 3º e certificados de AEAT, ATRIGA, TGSS e Concello.
CI1/2023/186	***9102**	MARICÓN DE QUE? A VIDA DESPOIS DE SAMUEL	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar certificado de empadramento e certificado de ATRIGA.
CI1/2023/187	***4675**	SULEIMAN E SALÚA EN GALEGO	Corrixir solicitude e proxecto. Achegar modelo alta 3º e certificado de ATRIGA.
CI1/2023/188	***8589**	XERME - CURTAMETRAXE	Corrixir orzamento.
CI1/2023/189	***6505**	ESPAZO R	Corrixir orzamento. Achegar certificado do Concello.
CI1/2023/190	***7871**	AS CARAS B DA CORUÑA	Corrixir solicitude. Achegar orzamento, modelo alta 3º e certificados de AEAT, ATRIGA e TGSS.
CI1/2023/191	***1446**	AS AVENTURAS DE NABIZA GIRL. OPERACIÓN BREOGÁN	Achegar proxecto, orzamento, CV ou memoria, e certificados de AEAT, ATRIGA, TGSS e Concello.
CI1/2023/192	***6905**	SOÑOS DE BEBÉS	Achegar proxecto, orzamento e CV ou memoria.
CI1/2023/193	***4939**	COSMOS	Corrixir proxecto e orzamento. Achegar modelo alta 3º.
CI1/2023/194	***8284**	PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A ARTE CORUÑESA A TRAVÉS DA OBRA DE FERREIRO BADÍA	Achegar modelo alta 3º e certificados de AEAT, ATRIGA e TGSS.
CI1/2023/195	***0007**	EPHEMEROS : CICLO CULTURAL	Achegar certificado do Concello.

Nº EXPEDIENTE	NIF	NOME PROXECTO	DOCUMENTACION A EMENDAR
CI1/2023/196	***3226**	JAMÍSIMAS A CORUÑA	Corrixir solicitude.
CI1/2023/197	***8193**	ATHENE NOCTUA	Corrixir proxecto e orzamento. Achegar modelo alta 3º e certificado do Concello.
CI1/2023/198	***8517**	JABÓN SAN JUAN	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar copia DNI, modelo alta 3º e certificados de ATRIGA, TGSS e Concello.
CI1/2023/199	***5816**	THIN OR DEAD	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar modelo alta 3º e certificados de AEAT, ATRIGA e Concello.
CI1/2023/200	***6068**	SED DE CORUÑA	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar modelo alta 3º e CV ou memoria.
CI1/2023/201	***0182**	“EN REBELDÍA”: SECUENCIAS DA VIDA DE A CORALES	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar CV ou memoria, certificado de empadramento, modelo alta 3º e certificados de AEAT, ATRIGA, TGSS e Concello.
CI1/2023/202	***5167**	ALBISQUES	Achegar proxecto. Corrixir orzamento.
CI1/2023/204	***9698**	EDICIÓN DE CATÁLOGO. EXPOSICION NO MERCADO	Corrixir solicitude.
CI1/2023/205	***9790**	MEMORIAS DO CEO	Corrixir solicitude, proxecto, orzamento e modelo alta 3º.
CI1/2023/206	***5835**	MARISCADORAS. A PÉ DE MAR	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar modelo alta 3º e certificados de AEAT e ATRIGA.
CI1/2023/207	***3537**	ESCULTURA TEXTIL	Corrixir solicitude, proxecto e modelo alta 3º. Achegar orzamento e certificados de AEAT, ATRIGA, TGSS e Concello.
CI1/2023/208	***3641**	GAEL	Corrixir proxecto e orzamento. Achegar modelo alta 3º e certificados de ATRIGA, TGSS e Concello.
CI1/2023/209	***6626**	A SINCERIDADE DAS NUBES, UN MILLON DE VACAS	Corrixir proxecto e orzamento. Achegar modelo alta 3º e certificados de AEAT e ATRIGA.
CI1/2023/210	***8489**	(G)ALICI(A)	Corrixir proxecto e orzamento. Achegar certificados de AEAT, ATRIGA, TGSS e Concello.
CI1/2023/211	***3425**	HISTORIAS E LENDAS DA TORRE DE HERCULES	Solicitude achegada fora de prazo.
CI1/2023/212	***4143**	A PARCA DE SANTIAGO	Solicitude achegada fora de prazo.
CI1/2023/213	***0436**	CÚPULA ESTRUCTURAL EN MADEIRA - CONSTELACIÓN DA LUZ	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento. Achegar modelo alta 3º.
CI1/2023/216	***2143**	PARASIMPÁTICAS	Corrixir solicitude, proxecto e orzamento.

2022/6574